

## **PREZO PUBLICO POLA PARTICIPACIÓN EN ACTIVIDADES SOCIOEDUCATIVAS, E DE FOMENTO DA IGUALDADE DE XÉNERO, DOS HÁBITOS DE VIDA SAUDABLES O DO CONSUMO RESPONSABLE CONVOCADAS POLA AREA DE BENESTAR SOCIAL**

### **Artigo 1.-Obxecto**

O obxecto deste prezo público é o cobramento da participación en actividades socioeducativas, e de fomento da igualdade de xénero, dos hábitos de vida saudables e do consumo responsable convocadas pola Area de benestar social que non sexan declaradas como gratuítas polo interese de obxectivos sociais ou de promoción da saúde perseguidos a través delas.

### **Artigo 2.- Obriga de pagamento**

Están obrigados ao pagamento as persoas físicas que se inscriban nas diferentes actividades convocadas polo Concello no eido dos diferentes PROGRAMAS DE BENESTAR SOCIAL nas que se sinala que son de aplicación o presente prezo público.

### **Artigo 3.-Importe<sup>12</sup>**

As actividades, de xeito xeral, se impartirán en módulos de duración mensual, bimensual, trimestral, o semestral.

Ademais poderán convocarse inscricións en excursións, viaxes, roteiros, campionatos, concursos e torneos puntuais.

Prezos de inscrición de carácter xeral para actividades modulares:

- O prezo por actividade de duración mensual será de 9 euros ao mes
- O pago será proporcional ao antedito custo mensual para os módulos con outras duracións:
- O prezo por actividade de duración bimestral será de 18 euros ao trimestre.
- O prezo por actividades de duración trimestral será de 25 euros ao trimestre.
- O prezo por actividades semestral será de 54 euros ao semestre.

Estes prezos por módulo serán fixos independentemente das horas semanais impartidas para cada actividade.

Prezos de inscrición en excursións, viaxes e roteiros.

- Roteiros que non precisen transporte, e participación en campionatos, torneos e xogos populares:5 €
- Excursións e roteiros dunha soa xornada e de curto percorrido dentro da comarca:7 €
- Excursións dunha soa xornada e de longo percorrido dentro de Galicia:13 €

Prezos de inscrición de carácter xeral para actividades modulares para persoas NON empadroadas en Culleredo:

- O prezo por actividade de duración mensual será de 12 euros ao mes.
- O pago será proporcional ao antedito custo mensual para os módulos con outras duracións:

<sup>1</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP num. 156 do 18/08/2016)

<sup>2</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 06/03/2017 (BOP num. 48 do 13/03/2017)

- O prezo por actividade de duración bimestral será de 24 euros ao trimestre.
- O prezo por actividade de duración trimestral será de 35 euros ao trimestre.
- O prezo por actividade semestral será de 70 euros ao semestre.

Estes prezos por módulo serán fixos independentemente das horas semanais impartidas para cada actividade.

Prezos de inscrición en excursións, viaxes e roteiros para persoas NON empadroadas en Culleredo.

- Roteiros que non precisen transporte, e participación en campionatos, torneos e xogos populares: 5 €
- Excursións e roteiros dunha soa xornada e de curto percorrido dentro da comarca: 7 €.
- Excursións dunha soa xornada e de longo percorrido dentro de Galicia: 13 €.

Prezo da viaxe grupal de saúde ao Balneario de Augas Santas (Pantón) destinada á poboación adulta de Culleredo, nas seguintes cantidades:<sup>3</sup>

|  |                      |
|--|----------------------|
| Participación na viaxe   | 115 € / participante |
| Prezo suplemento habitación individual   | 15,00 €              |
| Terán dereito á unha bonificación de 10 € no prezo establecido pola participación na viaxe aquelas persoas <ul style="list-style-type: none"> <li>• con carné de socias do club +65</li> <li>• carné de voluntariado municipal</li> <li>• familias numerosas</li> <li>• inscritas como demandantes de emprego no SEPE e</li> <li>• con certificado de discapacidade</li> </ul> |                      |

Prezo da viaxe grupal de cinco días de duración a Extremadura destinada á poboación adulta de Culleredo, nas seguintes cantidades:<sup>4</sup>

|  |                         |
|--|-------------------------|
| Participación na viaxe   | 265,00 € / participante |
| Prezo suplemento habitación individual   | 22,00 € / participante  |
| Terán dereito á unha bonificación de 40 € no prezo establecido pola participación na viaxe aquelas persoas que reúnan algunha das seguintes condicións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• con carné de socias do club +65</li> <li>• con carné de voluntariado municipal en activo</li> <li>• pertencente a familias numerosas</li> <li>• inscritas como demandantes de emprego no SEPE</li> <li>• con grao de discapacidade</li> </ul> |                         |

Para outras actividades de carácter específico e duración diferente as aquí especificadas fixarase o prezo público no momento da súa convocatoria.

<sup>3</sup> Prezo fixado pola Xunta de Goberno Local do 06/03/2017

<sup>4</sup> Prezo fixado pola Xunta de Goberno Local do 11/11/2019

#### Artigo 4.- Bonificacións<sup>56</sup>

##### ACTIVIDADES TRIMESTRAIS:

##### 1. Bonificacións por idade:

Aplicarase unha bonificación do 10% na primeira actividade a:

- Menores de 18 anos acreditados con DNI ou libro de familia.
- Maiores de 65 anos acreditados con DNI.

##### 2. Bonificacións por situación persoal:

Se lle aplicarán as seguintes bonificacións quen no momento da inscrición posúa e amose o orixinal dos seguintes documentos acreditativos actualizados :

|  |                          |
|--|--------------------------|
| Bonificación por familia numerosa xeral                            | 50% primeira actividade  |
| Bonificación por familia numerosa especial                         | 100% primeira actividade |
| Acreditación: mediante a presentación do carné de familia numerosa |                          |

|  |                         |
|--|-------------------------|
| Bonificación por atoparse en situación de desemprego                   | 50% primeira actividade |
| Acreditación: mediante a presentación da tarxeta do SEPE de desemprego |                         |

|   |                         |
|---|-------------------------|
| Bonificación por ser membro da Oficina Municipal do Voluntariado                              | 50% primeira actividade |
| Acreditación: mediante a presentación do carné da Oficina Municipal do Voluntariado en activo |                         |

|   |                         |
|---|-------------------------|
| Bonificación por ter unha discapacidade con grao igual o superior ao 33%  | 10% primeira actividade |
| Acreditación mediante a presentación de:  |                         |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>• Certificado de discapacidade emitido pola Xunta de Galicia</li> <li>• Resolución ou certificado emitido pola Seguridade social de percepción de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez,ou</li> <li>• Documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.</li> </ul> |                         |

|  |                         |
|--|-------------------------|
| Bonificación por ser socio do Clube municipal +65:           | 10% primeira actividade |
| Acreditación: mediante a presentación do carné municipal +65 |                         |

|  |                         |
|--|-------------------------|
| Bonificación por ser titular do Carné xove | 10% primeira actividade |
|--|-------------------------|

<sup>5</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21/09/2015 (BOP num. 183 do 24/09/2015)

<sup>6</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP num. 156 do 18/08/2016)

Acreditación: mediante a presentación do carné xove da Xunta de Galicia

3. Tarifa social:

Bonificación especial para persoas con informe dos servizos sociais municipais, previa solicitude de cita coa traballadora social para valoración da situación socioeconómica no centro municipal de servizos sociais que lle corresponda polo seu domicilio.

A porcentaxe de bonificación, que poderá acadar ata o 100%, establecerase mediante informe social dos/as técnicos/as da unidade de Traballo Social do servizo de Benestar Social no que se valoren as circunstancias persoais ou sociofamiliares das persoas solicitantes de inscrición.

Esta tarifa será de aplicación a unha actividade.

4. Actividades de balde:

Serán así consideradas aquelas que se sinalen en cada nova convocatoria pública e serán así determinadas en función dos obxectivos socioeducativos ou de promoción da saúde perseguidos a través delas.

No suposto que un participante estea en varios supostos de bonificación, será de aplicación un so desconto de tarifa, o mais beneficioso para o participante na actividade.

As bonificacións aquí reguladas non serán de aplicación ás persoas non empadroadas en Culleredo, agás a derivada da situación de voluntariado en activo na Oficina municipal de Voluntariado de Culleredo, que si lles será de aplicación.

RESTO DE ACTIVIDADES:

Serán beneficiarias de bonificación as persoas nas seguintes situacións:

- Para maiores con carné de socio do Clube municipal +65.
- Para maiores de 18 anos con carné xove.
- Persoas desempregadas con documento xustificativo actualizado do INEM.
- Para familias con carné de familia numerosa.
- Para persoas con certificado de discapacidade.

Para cada unha das persoas que se atopen en algunha das circunstancias anteriormente sinaladas, os prezos por actividade será a seguinte:

Prezos de inscrición bonificados para actividades modulares:

- O prezo por actividade de duración mensual será de 8 euros ao mes.
- O pago será proporcional ao antedito custo mensual para os módulos con outras duracións:
- O prezo por actividade de duración bimestral será de 16 euros ao trimestre.

- O prezo por actividade de duración trimestral será de 24 euros ao trimestre.
- O prezo por actividade semestral será de 48 euros ao semestre.

Estes prezos por módulo serán fixos independentemente das horas semanais impartidas para cada actividade.

Con carácter xeral, para todas as persoas que se inscriban en dúas actividades ao tempo, os prezos de cada unha delas, bonificados ou non, reduciranse nun 10%.

Tarifa de voluntariado para actividades modulares: Para as persoas voluntarias en activo no momento da inscrición ou durante o desenvolvemento da actividade, inscritas na Oficina Municipal de Voluntariado bonificaranse nun 50% os prezos aquí establecidos para as actividades modulares nun máximo de unha actividade. Esta bonificación será de aplicación nun máximo de tres actividades coincidentes no tempo no caso de que a persoa voluntaria teña o carné do Club \*65.

Prezos de inscrición bonificada en excursións, viaxes, roteiros.

- Roteiros que non precisen transporte, e participación en campionatos, torneos e xogos populares:3 €.
- Excursións e roteiros dunha soa xornada e de curto percorrido dentro da comarca:5 €.
- Excursións dunha soa xornada e longo percorrido dentro de Galicia:10 €

Para outras actividades de carácter específico e duración diferente as aquí especificadas fixarase o prezo público bonificado no momento da súa convocatoria.

Tarifa social: Queda a criterio das técnicas da unidade de Traballo Social do servizo de Benestar Social establecer de oficio a gratuidade daqueles casos que estimen oportuno dadas as circunstancias persoais ou sociofamiliares das persoas solicitantes de inscrición en determinadas actividades modulares ou non.

Motivarase a bonificación sempre nunha determinada porcentaxe, mediante informe social que, de xeito confidencial acompañará ao procedemento da solicitude.

Actividades de balde: Serán así consideradas aquelas que se sinalen en cada nova convocatoria pública mediante os medios de difusión cotiás.

No caso das persoas NON empadroadas en Culleredo non lles será de aplicación ningunha das bonificacións reguladas.

#### **Artigo 5.- Nacemento da obriga<sup>78</sup>**

##### ACTIVIDADES TRIMESTRAIS:

O nacemento da obriga prodúcese o primeiro día do trimestre con independencia do día en que se inicie a participación na actividade.

Só no caso en que, por causas imputábeis ao propio concello, non se desenvolvera a actividade procedería a liquidación da parte proporcional que corresponda aos períodos impartidos de actividade.

##### RESTO DE ACTIVIDADES:

<sup>7</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21/09/2015 (BOP num. 183 do 24/09/2015)

<sup>8</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP num. 156 do 18/08/2016)

Unha vez comunicada a asignación de praza na actividade solicitada mediante lista pública, o nacemento da obriga prodúcese o primeiro día do mes natural con independencia do día en que se inicie a participación na actividade, por un mes natural completo, e o pago realizarase por adiantado no período establecido na respectiva convocatoria sendo motivo de suspensión do servizo o incorrer en débedas, sen perxuízo da reclamación da mesma polo concello. So no caso en que, por causas imputadas ao propio concello non se desenvolvera a actividade nos termos anunciados na convocatoria se procedería de oficio a devolución das cotas aboadas na proporción que corresponda aos períodos non impartidos de actividade.

A devolución dunha soa cota determinará a interrupción inmediata na participación na actividade correspondente en períodos sucesivos da mesma actividade si é o caso.

Aquelas persoas usuarias que se dean de baixa e teñan pendente algunha mensualidade non poderán ser dados de alta de novo na actividade sen saldar previamente a débeda.

Asemade, aquelas persoas que estean inscritas nalgunha actividade, e que se dean de baixa voluntariamente sen aportar xustificación documental suficiente e teñan feito o abono do período correspondente á duración da actividade na que están inscritas, non terán dereito á devolución proporcional do período posterior á data da baixa.

#### **Artigo 6.- Xestión<sup>910</sup>**

##### ACTIVIDADES TRIMESTRAIS:

- O pagamento da actividade realizarase ao comezo de cada trimestre en que se desenvolva a actividade. Á única forma de pago admitida é a domiciliación bancaria, polo que no momento da matrícula na actividade deberá presentar a correspondente orde de domiciliación, no modelo que se facilitará polo Concello. De xeito excepcional, se a inscrición se producira para a cobertura de prazas unha vez finalizado o período de inscrición inicial, ou noutros casos xustificadas, poderá admitirse o pagamento mediante ingreso bancario, mediante a presentación da correspondente autoliquidación.
- A devolución dunha soa cota determinará a interrupción inmediata na participación na actividade correspondente en períodos sucesivos da mesma actividade si é o caso.
- Para darse de baixa nunha actividade, é obrigatorio presentar no Rexistro Municipal un impreso de baixa no modelo establecido, sendo o prazo límite o último día de cada trimestre.
- Aquelas persoas usuarias que causen baixa voluntaria e teñan pendente algunha cota non poderán ser dadas de alta de novo nas actividades sen saldar previamente a débeda.

##### RESTO DE ACTIVIDADES

A xestión do prezo público correspondente á Unidade de Benestar Social que poderá establecer un período previo de preinscrición antes do prazo de pagamento e facilitará un modelo de impreso de solicitude de prazo dirixido ao Alcalde.

Hai unha única modalidade de pago: A través de ingreso bancario do xeito que se especifique na convocatoria concreta de cada actividade e no período fixado para a inscrición na mesma. No ingreso deberá figurar os apelidos e nome o número do DNI e a denominación da actividade na que se inscribe.

De xeito excepcional, poderá admitirse o pagamento en efectivo, mediante a emisión da Carta de pagamento correspondente se a inscrición se producira para a cobertura de prazas unha vez finalizado o período de inscrición inicial, ou noutros casos xustificadas desde a Unidade de tramitación do prezo público que aquí se establece.

<sup>9</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 21/09/2015 (BOP num. 183 do 24/09/2015)

<sup>10</sup> Artigo modificado mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 12/08/2016 (BOP num. 156 do 18/08/2016)



En ausencia doutra instrución en cada convocatoria específica os pagos das actividades de duración mensual, bimensual ou trimestral se efectuarán de xeito anticipado nos 5 días hábiles previos ao día de inicio da actividade.

O pago pola inscrición en actividades semestrais poderá efectuarse de xeito anticipado nos cinco días hábiles previos ao inicio da actividade, ou ben fraccionado en dous prazos por un importe cada un deles da metade do importe total: o primeiro a pagar nos cinco días hábiles previos ao inicio da actividade e o segundo nos cinco días hábiles previos ao primeiro día do segundo trimestre. En ámbolos dous casos mediante ingreso bancario.